

B A N D O

Co fin de garantir unhas condicións axeitadas na nosa cidade, e máis por mor da responsabilidade que temos como anfitrións dos milleiros de peregrinos que van achegarse ata nós neste Ano Xubilar, desexo lembrar á cidadanía de Compostela a normativa vixente en materia de residuos urbanos e limpeza viaria, e en especial a **Ordenanza xeral de protección do medio ambiente urbano**, normativa que nos obriga a cada un de nós en beneficio de todos.

Polo tanto, ao abeiro da competencia que me outorga o artigo 21 da Lei 7/85 do 23 de abril,

DISPOÑO

- As bolsas de lixo teñen que ser opacas e depositarse ben pechadas e sen líquidos nos colectores de lixo e nos puntos fixados polo Concello a partir das 21.00 horas. Salvo no Casco Monumental e no Ensanche, onde a recollida é diaria, prohíbese no resto da cidade depositar as bolsas de lixo antes desta hora ou depositalas en domingos e festivos.
- Os establecementos comerciais contan cun servizo de recollida porta a porta das caixas e das embalaxes de cartón, que teñen que ser pregadas antes de depositalas diante das súas portas. Este servizo funciona de luns a venres, a partir das 20.00 horas no Casco Histórico e das 22.00 horas no Ensanche e Área Central.
- Vidro, envases, papel e cartón teñen que depositarse nos colectores específicos de cor verde, amarela e azul, respectivamente. Prohíbese introducir as caixas sen pregar ou deixalas fóra dos colectores de cor azul.
- Os propietarios de quioscos e bares con terrazas teñen ao seu cargo a limpeza do lugar durante o tempo que estean instaladas e despois da recollida das mesas, cadeiras e parasoles.
- Os móbeis, electrodomésticos e demais aparellos inservíbeis recolleranse diante dos portais das vivendas de luns a venres, logo do aviso no teléfono 981 565 469, en horario de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 horas.
- Os propietarios de predios ou soares teñen a obriga de valalos e mantelos en todo momento limpos e en perfectas condicións de salubridade. Deben coidar que os muros estean limpos de herbas, arbustos ou maleza.

- Os propietarios de cans teñen que recoller os excrementos das beirarrúas e dos parques, e evitar que os cans molesten ás persoas.

- **Prohíbese:**

- Depositar lixo arredor dos colectores.
- A saída de camións das obras e desterros sen o lavado previo das súas rodas.
- Pegar propaganda nas fachadas de inmóbeis e no mobiliario urbano.
- Tender roupa e sacudir as alfombras á vía pública.
- Botar herbas ou maleza dos predios na rúa ou nos colectores de lixo.
- Dar comida aos animais en lugares públicos, deixando os restos na rúa.
- Verter á rúa os restos de auga de fregar dos portais e dos establecementos comerciais.
- Tirar ao chan os papeis, chicles e outros desperdicios menores.
- Ouriñar na vía pública.
- Deixar os excrementos dos cans e desentenderse das molestias que causen nos seus paseos.
- Tirar recipientes de vidro ou envases nos colectores non específicos.

O incumprimento do exposto neste bando dará lugar á **imposición das sancións previstas na normativa vixente**.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2004

O ALCALDE

